

EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA E POLA ATENCIÓN ÁS PERSOAS DEPENDENTES

A deterioración da sanidade pública vén producíndose gradualmente desde hai anos. Na última etapa do Goberno do Partido Popular, aproveitando a necesidade de introducir cambios que asegurasen a sostibilidade do Sistema Público de Saúde, aprobaron o Real decreto 16/2012; o seu desenvolvemento supuxo unha redución evidente da calidade e cobertura do dereito á saúde da cidadanía, ao impoñer unha diminución lineal do gasto público, que antepoñía o obxectivo económico aos efectos que sobre a saúde poidan ter eses recortes. En consecuencia, apareceron:

- Imposición do copagamento farmacéutico, establecendo un mecanismo que, na práctica, limitou o acceso ao dereito á saúde ás persoas con menores ingresos económicos, entre as que se encontran as pensionistas con menor renda.
- Aumento do número de medicamentos excluídos da prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde, en ocasións por consideralos «indicados no tratamento de síntomas menores», o que implica que o enfermo debe custealos integramente.
- Redución da carteira de prestacións básicas, exclusión do transporte de enfermos, exclusión de prestacións ortoprotésicas, etc.

A etapa de crise, á que se sumou a aparición da pandemia covid-19, serviu para erosionar gravemente o Sistema Nacional de Saúde, sobre todo o Sistema de Atención Primaria, saturado polo exceso de actividade xerada que recae sobre un persoal minguado de forma irresponsable polos recortes, unha potenciación da medicación, a lamentable xestión dos recursos e un financiamento insuficiente. Isto traduciuse nun incremento nas listas de espera, que repercutiu nun maior gasto en sanidade do peto das familias, incrementando aínda máis as desigualdades sociosanitarias pola falta de atención inmediata desde o sistema público.

Diminuíu a oferta de servizos, a actividade presencial foi suplantada pola actividade interposta, máis atención telefónica ou por correo electrónico e menos contacto directo cos pacientes, o cal terá consecuencias nefastas para a poboación máis pobre, de maior idade e a máis necesitada, que provocará un aumento da inequidade. De non corrrixir todo isto, desacreditarase un dos mellores modelos sanitarios do mundo ao tempo que se fortalecerán os sistemas sanitarios privados. Isto facilitará argumentos á extrema dereita, que non dubidará en utilizalos demagoxicamente para enganar a cidadanía e debilitar os valores democráticos da prestación de servizos desde o enfoque do interese xeral para a cidadanía.

Non o dubides, ponte en contacto connosco na Federación.

Andalucía

Cardenal Bueno Monreal, 58 - 3ª
41013 Sevilla
Teléfono 954 50 70 41

Aragón

Pº Constitución, 12 - 2ª planta
50008 Zaragoza
Teléfono 976 48 32 28

Asturias

C/ Santa Teresa, 15 - 1º izd.
33005 Oviedo
Teléfono 985 25 71 99

Les Illes Balears

Francesc de Borja Moll, 3
07003 Palma de Mallorca
Teléfono 971 72 60 60

Islas Canarias

Primero de Mayo, 21
35002 Las Palmas de
Gran Canaria
Teléfono 928 44 75 37

Cantabria

Santa Clara, 5
39001 Santander
Teléfono 942 22 77 04

Castilla-La Mancha

C/ Miguel López de Legazpi, 32-34
02005 Albacete
Teléfono 967 19 20 84

Castilla y León

Plaza Madrid, 4 - 5ª planta
47001 Valladolid
Teléfono 983 29 16 17

Catalunya

Via Laietana, 16 - 3ª planta
08003 Barcelona
Teléfono 934 81 27 69

Ceuta

Alcalde Fructuoso Miaja, 1 - 2ª pl
51001 Ceuta
Teléfono 956 51 62 43

Euskadi

Uribitarte, 4 - 48001 Bilbao
Teléfono 944 24 34 24

Extremadura

Avda. Juan Carlos I, 41
06800 Mérida
Teléfono 924 31 99 61

Galicia

María, 42-44, baixo - 15402 Ferrol
Teléfono 981 36 93 08

Navarra

Avenida Zaragoza, 12
31003 Pamplona
Teléfono 948 24 42 00

La Rioja

C/ Pío XII, 33 - 2º desp. 43
26003 Logroño
Teléfono 941 24 42 22
Ext. 218

Madrid

Lope de Vega, 38
28014 Madrid
Teléfono 915 36 52 87

Melilla

1º de Mayo, 1 - 3º
52006 Melilla
Teléfono 952 67 65 35

Murcia

Corbalán, 4
30002 Murcia
Teléfono 968 35 52 13

País Valenciá

Pl. Nàpols i Sicília, 5
46003 Valencia
Teléfono 963 88 21 10



Federación Estatal de Pensionistas y Jubilados de CC OO

Ramírez de Arellano, 19, 1ª planta. 28043 Madrid. Teléfono 91 757 26 22
www.pensionistas.ccoo.es

A SANIDADE PÚBLICA PARA TODOS

- + EFICIENTE
- + FINANCIAMIENTO
- + INNOVACIÓN
- + EQUITATIVO
- + ATENCIÓN
- + XESTIÓN



Teléfono de contacto
900 102 305

facebook.com/pensionistasccoo
twitter.com/pensCCOO
www.pensionistas.ccoo.es



www.sanidad.ccoo.es



pensionistas

pensionistas

OS SISTEMAS PÚBLICOS DE SAÚDE E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

É unha evidencia que este país, nas dúas últimas décadas, vén observando un aumento considerable da esperanza de vida da nosa poboación; non obstante, hai que destacar que se incrementou asemade o número de persoas diagnosticadas con enfermidades crónicas, estimándose que afectan ao 70 % das persoas maiores de 65 anos. Disto despréndese unha maior necesidade de cuidados sanitarios e do sistema de atención á dependencia, que implica incrementar a dotación de recursos e tamén mellorar a coordinación sociosanitaria nos cuidados.

As necesarias reformas non se levaron a cabo na primeira etapa co Goberno do Partido Popular; máis ben se actuou en sentido contrario, pois pretendeu derivar toda a atención de pacientes pluripatolóxicos aos centros de atención a persoas dependentes, incorporando a aplicación de copagos e deteriorando a atención das súas necesidades sanitarias. Afortunadamente, o cambio de Goberno permitiu que, desde a

Mesa de Diálogo Social, **CCOO** e demais organizacións sindicais e empresariais concretamos acordos parciais que, aínda sendo insuficientes, permiten reorientar algunhas cuestións coa activación do Plan de Choque de Dependencia.

Para **CCOO** é imprescindible seguir avanzando en compromisos que garantan o cumprimento da Lei de atención ás persoas dependentes, especialmente co financiamento de todas as Administracións. É urxente revisar o modelo actual de cuidados e poñer en marcha unha estreita coordinación sociosanitaria, xestionada desde o sistema sanitario público; permitir unha atención profesional e de calidade, aumentando as ratios de persoal, sobre todo o de atención directa, e, doutra parte, reducindo os tempos de espera para o acceso á prestación do servizo, o que suporía ser máis eficientes e dar unha mellor atención aos pacientes pluripatolóxicos e ás persoas dependentes.

CCOO defendemos **defendemos os teus dereitos**
AFILIATE xuntos seremos **máis fortes**

A SANIDADE PÚBLICA É NOSA, O NOSO DEBER É DEFENDELA

Ante os ataques que está sufrindo a sanidade pública, os cidadáns e cidadás debemos responder. Por iso desde **CCOO** facemos un chamamento para que as persoas pensionistas e xubiladas esixan **que os Gobernos central e autonómicos cumpran coa súa responsabilidade:**

- **Organízate**, participa coa Federación de Sanidade e Sectores Sociosanitarios e coa Federación de Pensionistas e Xubilados de **CCOO** nas iniciativas que preparen para defender o sistema sanitario público.
- **Fai oír a túa voz:** esixe o teu dereito á saúde mediante a atención pública e un financiamento suficiente; non aos recortes. **Participa** activamente nos Consellos de Saúde Locais do teu centro de saúde, barrio, vila, zona básica de saúde.

CCOO ten alternativas máis xustas e eficaces ca os recortes para garantir a sostibilidade do sistema público de saúde, por exemplo, estas:

O FINANCIAMENTO QUE NECESITAMOS

- Esiximos un financiamento finalista e suficiente para o Sistema Nacional de Saúde, elevando o gasto público ao **7,2 % do PIB** e destinando a **atención primaria un 25 %** e ata un **10 % a saúde pública** para aproximarnos á media da Unión Europea.
- Igualmente, no sector da dependencia, o Goberno central debe financiar o **50 % do gasto;** agora só cobre o 19,9 %.

RECUPEREMOS DEREITOS

- Aínda que xa se recuperou a **universalidade** da asistencia, cómpre corrixir a desigualdade no **copagamento farmacéutico**, incorporar ao financiamento público os medicamentos excluídos e recuperar as prestacións ortoprotésicas, transporte, etc. Igualmente, debería ampliarse a atención e cobertura de saúde bucodental ás persoas maiores e colectivos vulnerables.
- Creación e dinamización dos **Consellos de Saúde Locais e de Zona Básica**, garantindo a **participación real e efectiva** neles. Dar a **coñecer os recursos comunitarios** aos maiores no seu medio, barrio, vila, comarca ou cidade.

MELLOREMOS A XESTIÓN

- Fomentar un modelo de xestión formado por **equipos multiprofesionais** con integración real e orientación comunitaria.
- A prevención é o reto do sistema de saúde. Hai que apostar pola atención primaria e romper o actual modelo hospitalocentrista.
- Mellorar a atención sociosanitaria das persoas maiores e outros colectivos vulnerables. Impulsar a **orientación comunitaria** nos centros de saúde en colaboración con Saúde Pública.
- Impulsar o envellecemento saudable cun enfoque preventivo e de promoción da saúde, garantindo o **acceso equitativo a prestacións** sociais e sanitarias.

SEXAMOS MÁIS EFICIENTES

- Hai que apostar por unha **maior racionalización do gasto farmacéutico;** somos dos países con maior gasto en farmacia.
- A **centralización de compras** de hospitais e servizos de saúde (medicamentos, equipos técnicos, etc.) axudaría de forma moi importante a aforrar custos.

MELLOREMOS A ATENCIÓN

- Debe establecerse a adecuada dotación de recursos profesionais, incorporando aos equipos de atención primaria e unidades de apoio outros profesionais (terapeutas ocupacionais, fisioterapeutas, ópticos-optometristas, entre outros).
- Esiximos que se recoñeza a categoría de **facultativo especialista en xeriatría** en todo o Sistema Nacional de Saúde e que se creen máis prazas, que son totalmente necesarias pois estamos á cola da Unión Europea.
- Débese darlles prioridade ás **consultas presenciais e unha atención de calidade;** igualmente, eliminar as trabas a probas diagnósticas e terapéuticas.
- Hai que **reducir os tempos de espera,** tanto no Sistema Nacional de Saúde como no Sistema de Atención ás Persoas Dependentes.

- Fomento da **saúde pública con promoción da saúde e actividades preventivas** que melloren a calidade de vida dos maiores.

- Promoción dunha **maior autonomía dos maiores (suprimir barreiras e fendas que llimitan)** no seu medio biolóxico, psicolóxico e social.